

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN RENACER, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADITIVOS. PROGRAMA ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL

A Coruña, 28 de abril de 2021

REUNIDOS:

Dunha parte don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra dona María González Suárez, con DNI 29.368.354-E, presidenta da Asociación Renacer de Riveira, con NIF G-15281611, actuando en representación desta.

MANIFESTAN:

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e integrará medidas encamiñadas á incorporación social de pacientes con problemas derivados dos trastornos aditivos.

Segundo.- Dentro do Servizo Galego de Saúde a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria é a unidade administrativa encargada de xestionar os plans e programas sociosanitarios e de



saúde mental da Comunidade Autónoma, así como de coordinar os dispositivos dependentes doutras institucións e administracións.

Así mesmo, segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

Terceiro.- Que a Asociación Renacer de Riveira é unha entidade privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencia prioritariamente nos ámbitos social, xurídico e laboral, de xeito coordinado coa asistencia sanitaria prestada nos centros de drogodependencias, como parte do tratamento rehabilitador integral.

A Asociación Renacer de Riveira cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto.- Dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinto.- Que as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencia.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público nas que se fundamenta o presente convenio, e de acordo co previsto nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación Renacer de Riveira, de programas de incorporación social de persoas con trastornos aditivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión dos programas obxecto deste convenio.

Segunda.- Os programas, no ámbito da incorporación social, desenvolveranse a través do Programa de Atención Xurídico Social (PAXS).

O PAXS deberá ser dirixido á atención integral das persoas con trastornos aditivos e problemática legal engadida, prestando axuda técnica, sobre a realidade social e persoal destas persoas a xuíces, fiscais, persoal asistencial e familias.


A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo nos diferentes dispositivos da asociación. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 50% do importe da actividade subvencionada.

O exceso de subcontratación sobre a antedita cantidade minorarase directamente do importe da subvención concedida a través deste convenio.

Respecto do réxime de subcontratación, serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

Terceira.- A asociación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria.
- c) Deberán ter actualizados os rexistros de tal maneira que poidan remitir á Subdirección Xeral de Atención Primaria a actividade dos usuarios, con periodicidade semestral, facendo constar:



1. Número de admisións e intervencións realizadas
 2. Actividades realizadas nos dispositivos da asociación.
 3. Así mesmo, enviarase unha relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.
- d) Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.
- e) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos.
- f) Coordinarse coas unidades de condutas aditivas do seu ámbito de actuación.
- g) Coordinarse con outros centros, servizos e programas recollidos dentro do Plan de Galicia sobre Drogas, co fin de asegurar a programación homoxénea destes.
- h) Someter á consideración técnica da Subdirección Xeral de Atención Primaria calquera programa ou intervención que, non estando contemplada dentro do documento que estableza os instrumentos de planificación en materia de incorporación social de persoas con trastornos aditivos, vai poñer en marcha o equipo técnico. Para tal fin a dirección técnica deste equipo presentará o programa a desenvolver e constará como mínimo dos seguintes apartados:
1. Denominación do programa.
 2. Xustificación da actuación.
 3. Descrición do programa: metodoloxía.
 4. Desenvolvemento programático: obxectivos xerais e específicos, poboación destinataria, difusión prevista, recursos humanos e materiais, mecanismos de coordinación, detalle de actividades, cronograma, orzamento e avaliación prevista.
- i) Axustarse á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como á normativa de desenvolvemento desta; á normativa concordante na materia e as instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.

Cuarta.- Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de quince mil novecentos oitenta e un euros con trinta e seis céntimos (15.981,36 €), con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.28, co código de proxecto 201400030, consignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Quinta.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.



Sexta.- O importe da subvención farase efectivo do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, presentando por parte da asociación:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como Anexo 3.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando:

a) Orixinais dos xustificantes de gasto ocasionados e da documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, xunto cunha relación ordenada dos mesmos, que se documentará segundo o modelo do Anexo 1.

b) Certificación da asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, e que foron debidamente aboados.

c) A declaración responsable debidamente cuberta e actualizada, con cada xustificación parcial, segundo o modelo que se xunta como anexo III.

A data límite para a presentación da documentación xustificativa dos pagamentos parciais será o 31 de Outubro de 2021.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados no seu caso concedidos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos parciais correspondentes á actividades subvencionada engadindo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4. f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagamentos anticipados e os pagamentos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

Sétima.- A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:



- a) Orixinais dos xustificantes dos gastos ocasionados e da documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos segundo o modelo do Anexo 1.
- b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio, indicando o custo total repercutido para a entidade.
- c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

A documentación da xustificación final deberá presentarse coa data límite e improrrogable do 1 de decembro de 2021.

Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía inferiores a mil euros (1.000,00 €).

A documentación xustificativa dirixírase á Subdirección Xeral de Atención Primaria, que emitirá informe favorable de ser conforme. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días para a súa corrección.

Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitava.- Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de decembro de 2020 e o 30 de novembro de 2021, que foran efectivamente pagados con anterioridade ou no mesmo día da finalización do período de xustificación, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

- a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.



Mania



b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o de aquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar esta.

Soamente terán consideración de subvencionables os custos nos que incorran as entidades beneficiarias respecto ao persoal en situación de incapacidade laboral temporal cando:

- 1- A baixa non supoña a paralización da actividade, mediante substitución da persoa de baixa, reasignación das súas tarefas ou subcontratación puntual. Este feito deberá ser informado á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- 2- A baixa, aínda supoñendo a paralización da actividade, non supere os trinta días para un mesmo contrato laboral durante o período de execución do programa.

No caso das pagas extraordinarias poderase imputar a parte proporcional dos meses e horas imputadas de esas nóminas ás actividades do programa

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	65,97 €
MANUTENCIÓN	37,40 €
KILOMETRAXE	0,19 €/KM

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Os gastos de alugamento así como os correntes de subministracións (auga, luz,...) non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade do programa subvencionado. No caso contrario soamente



se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

Novena.- Con data límite 15 de xaneiro de 2022, a asociación deberá achegar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria unha memoria final das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décima.


Décima.- Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electronicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "PRESENTACION ELECTRONICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO" (PR004A)", dirixíndoas a atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo primeira.- Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

1. Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
2. Dous representantes da Asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opona á lei.



concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Décimo novena.- A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das partes asinantes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde



Asdo.: Julio García Comesaña

Pola Asociación Renacer de Riveira



Asdo: María González Suárez

Décimo terceira.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Asociación Renacer de Riveira que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo cuarta.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Décimo quinta.- A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo sexta.- A asociación comprométese a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa, así como na páxina web oficial da entidade, o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.


Décimo sétima.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Todo iso, sen prexuízo das previsións contidas nas cláusulas oitava (gastos que se consideran subvencionables) e novena (presentación da memoria final) do presente convenio.

Décimo oitava.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención



ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto S Soc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	



ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, fotocopia cotexada do CIF, concellos de referencia, habitantes de referencia segundo os datos do INE a mes de xaneiro do ano en curso, organigrama, horario de funcionamento do centro, ubicación, número de despachos.

2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.

3. Actividades realizadas:

Usuarios atendidos no ano natural, especificando o número de homes e mulleres.

Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.

Programas de incorporación social: data, denominación, descrición, poboación diana, poboación acadada se procede.

4. Balance de ingresos e gastos da entidade:

Ingresos:

- Informe que inclúa a contía de tódalas axudas económicas recibidas pola entidade e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
- Débedas con entidades de crédito.
- Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
- Ingresos por cotas de socios.
- Outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.

Gastos: Informe que inclúa a contía de tódolos gastos da entidade:

- Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
- Gastos de mantemento: arrendamento/aluguer, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
- Tributos.
- Gastos e perdas de exercicios anteriores.
- Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.

5. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

6. Cubrir as fichas de indicadores remitidas pola Subdirección Xeral de Atención Primaria.



